

TALLER para ALUMNADO da ESO: “DESMONTANDO PREXUÍZOS”

Este obradoiro traballará ao redor da cultura gitana e da súa representación na Historia. Para iso, centrarémonos na Historia Contemporánea e nas súas ferramentas de representación: os medios de comunicación e as narrativas dixitais (web e redes sociais), sempre en relación coa súa representación nos relatos históricos tradicionais.

Usando o debate e a reflexión colectiva como ferramentas, analizaremos os elementos da linguaxe mediática e os recursos empregados para definir os roles e as características dos diferentes colectivos culturais, poñendo o foco sobre a comunidade gitana.

Seguindo os principios da aprendizaxe activa, este obradoiro será unha introdución á cidadanía activa e ao pensamento crítico, mediante a creación de producións multimedia e/ou audiovisuais para deconstruír estereotipos e para subvertir mensaxes discriminatorias sobre a etnia gitana. A finalidade é contribuír á difusión da imaxe das persoas de etnia gitana dende unha perspectiva inclusiva, igualitaria e libre de prexuizos.

OBXECTIVOS

- Traballar as **habilidades de lectura crítica e sensibilización** cara aos contidos informativos e a súa relación coa nosa realidade socio-cultural.
- Fomentar **unha actitude aberta e inclusiva** cara á diversidade socio-cultural, centrada na representación da etnia gitana.
- Sensibilizar en torno aos prexuizos que determinan a nosa relación coas persoas doutro país, raza ou condición socio-cultural, e ser conscientes de como estas valoracións determinan a nosa relación coa realidade.
- Poñer en valor o **patrimonio histórico, social e cultural da comunidade gitana**.
- Coñecer os recursos que manexan os discursos informativos e o seu papel na Historia, que poden presentar unha visión subxectiva e sesgada da realidade.
- **Achegar ao alumnado as novas estruturas narrativas** propias da web e a súa potencialidade para a participación e o cambio social.
- Motivar ao alumnado a desenvolver a súa expresividade mediante ferramentas e formatos innovadores.

METODOLOXÍA

As dinámicas deseñadas para a aprendizaxe están baseadas en principios do “aprender facendo”, logo o eixo das sesións será sempre a participación activa, a reflexión e o traballo en equipo. Co obxectivo de facilitar a motivación e a implicación do alumnado, a exposición de contidos basearase en exemplos cotidiás e nas fontes de comunicación máis cercanas á súa realidade; do mesmo xeito, usaremos as apps dos smartphones co obxectivo de vincular á súa aprendizaxe en entornos formais coa aprendizaxe non formal do seu día a día.

DURACIÓN: 100 minutos.

DIRIXIDO A: alumnado da ESO, de 1º ao 4 curso

RECURSOS

Ordenador con conexión a Internet, proxector e altosfalantes.

Smartphones: só é necesario un por cada 5 alumnos (aprox) Se o alumnado non pode dispoñer deles, facilitarase o uso dos dispositivos aportados polo formador ou formadora.

CONTIDOS e ACTIVIDADES

1. **A linguaxe como ferramenta** para identiflcar a realidade que nos rodea e, polo tanto, para transmitir os nosos sentimentos respecto a ela. Prexuizos e estereotipos.
2. Análise de mensaxes multimedia procedentes de diversos medios de comunicación, tanto dende o punto de vista textual como de imaxe, para descubrir e coñecer as **emocións** asociadas ao uso dunha linguaxe determinada.

Recursos expresivos na prensa escrita, na televisión e no cine:

1. **A representación da comunidade gitana** no imaxinario social: Historia tradicional e contemporánea (medios informativos e narrativas dixitais)
2. Elaboración de produtos audiovisuais:
 - **Creacións fotográficas con mensaxes** de denuncia, de reivindicación ou de comunicación en positivo, seguindo formatos populares en redes sociais como Instagram.
 - **Creacións audiovisuais breves** elaboradas con apps que contribúan á difusión dunha imaxe da etnia gitana libre de discriminación e prexuizos, así como de reivindicación ou posta en valor do seu patrimonio histórico e cultural.